



ASUNTO: DECRETO LEVANTAMENTO SUSPENSIÓN DE TAXAS

DECRETO DA ALCALDÍA

1º.- Con data 25 de marzo do 2020 o Sr. Alcalde-Presidente dispuxo:

Primeiro.- Proceder á devolución ou non liquidación das taxas e prezos públicos que, a continuación se relacionan, durante o período comprendido entre o día 16 de marzo de 2020 e o día que finalice o prazo de suspensión de ditas actividades:

- 1.-Taxa pola recollida, tratamento e eliminación de lixo.
- 2.-Taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras e elementos auxiliarescon finalidade lucrativa.
- 3.-Taxa por utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas.
- 4.-Prezo público polos Servizos prestados pola Gadería Municipal.
- 5.-Prezo público polo Servizo de ensinanza prestados no Conservatorio “Mestre Ibáñez” e Escolas de Música.
- 6.-Taxa de prestación do Servizo Escolas Deportivas Municipais.

2º.- Con data 16 de abril do 2020 o Sr. Alcalde-Presidente dispuxo:

Primeiro.- Suspender o pagamento da contraprestación económica derivada da explotación do uso ou utilización das instalacións municipais denominadas “BAR- CAFETERIA E INSTALACIÓNS COMPLEMENTARIAS DO CENTRO CÍVICO” e “TAPERIA CENTRO DO VIÑO”, suspensión que terá efectos durante o período de vixencia da declaración do estado de alarma, e polo tanto con efectos económicos do día 14 de marzo, data da entrada en vigor do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo (DF3ª).

3º.- Con data 21 de abril do 2020 o Sr. Alcalde-Presidente dispuxo:

Primeiro.- Reducir a taxas que se abonan neste Concello como contraprestación económica derivada da “Taxa por estacionamento nas vías públicas dos autotaxis e demais vehículos de alugueiro” e da “Taxa por utilización do dominio local no Mercado ou Praza de Abastos e nos espazos e Servizos anexas” nun importe do 95%, redución que terá efectos durante todo o período de vixencia da declaración do estado de alarma, e polo tanto con efectos económicos do día 14 de marzo de 2020, data da entrada en vigor do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo (DF3ª).

4º.- Con data 21 de abril do 2020 o Sr. Alcalde-Presidente dispuxo:



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40005521D00D6I5Y0H5L2C9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMAS Y FECHAS	
JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente	- 06/07/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE GILLERO-Secretario	- 06/07/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 06/07/2020 09:00:18	

DECRETO: 2020000935
Fecha: 06/07/2020
Hora: 09:00
Persona 76561868C





Primeiro.- Suspender o pagamento da contraprestación económica derivada da explotación do uso ou utilización das instalacións municipais denominadas "EXPLORACIÓN BAR-CAFETERIA DO CAMPO MUNICIPAL LUIS BODEGAS", suspensión que terá efectos durante o período de vixencia da declaración do estado de alarma, e polo tanto con efectos económicos do día 14 de marzo, data da entrada en vigor do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo (DF3ª).

5º.- Con data 27 de abril do 2020 o Sr. Alcalde-Presidente dispuxo:

Primeiro.- Proceder á devolución ou non liquidación da taxa por instalación de quioscos na vía pública durante o período comprendido entre o día 16 de marzo de 2020 e o día que finalice o estado de emerxencia, declarado por Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Segundo.- Unha vez finalizado o estado de emerxencia e levantada a suspensión obrigatoria das actividades relacionadas no citado anexo I do Real Decreto 463/2020, os suxeitos pasivos afectados deberán presentar a súa solicitude no Rexistro do Concello, no modelo que se lles facilite ao efecto.

6º.- Por Decreto 90/2020, de 13 de xunio, da Presidencia da Xunta de Galicia, declarouse a superación da fase III do Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia do COVID-19, aprobado mediante o Acordo do Consello de Ministros de 28 de abril de 2020 e, polo tanto, a entrada na nova normalidade, con efectos dende as 00.00 horas do día 15 de xuño de 2020.

Con base no anteriormente exposto e en virtude das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o art. 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia,

PRIMEIRO.- Reanudar o cobro das seguintes taxas, con efectos do 15 de xuño de 2020, data de finalización do estado de alarma:

- 1.-Taxa pola recollida, tratamento e eliminación de lixo.
- 2.-Taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa.
- 3.-Taxa por utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas.
- 4.-Taxa de prestación do servizo Escolas Deportivas Municipais.



SEGUNDO.- Reanudar o cobro da taxa derivada da explotación da utilización das instalacións municipais denominadas “BAR- CAFETERIA E INSTALACIÓNS COMPLEMENTARIAS DO CENTRO CÍVICO” e “TAPERIA CENTRO DO VIÑO”, con efectos do día 15 de xuño de 2020.

TERCEIRO.- Deixar sen efecto a redución do 95%, en relación coa “Taxa por estacionamento nas vías públicas dos autotaxis e demais vehículos de alugueiro” e coa “Taxa por utilización do dominio local no Mercado ou Praza de Abastos e nos espazos e servizos anexos”, con efectos do día 15 de xuño de 2020

CUARTO.- Reanudar o cobro da taxa por instalación de quioscos na vía pública, con efectos do día 15 de xuño de 2020.

QUINTO.- Con relación aos ingresos derivados de:

- 1.-Prezo público polos servizos prestados pola Gardería Municipal.
- 2.-Prezo público polo servizo de ensinanza prestados no Conservatorio “Mestre Ibáñez” e Escolas de Música.
- 3.-Taxa de prestación do Servizo Escolas Deportivas Municipais.
- 4.-Taxa por utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas.
- 5.- Contraprestación económica derivada da explotación do uso das instalacións municipais denominadas “EXPLORACIÓN BAR-CAFETERIA DO CAMPO MUNICIPAL LUIS BODEGAS”.

A liquidación faráse dende a data de reinicio das actividades municipais.

SÉTIMO.- Notificar o presente acordo aos interesados.

Monforte de Lemos, data da sinatura dixital.

O ALCALDE,

Asdo.- José Tomé Roca

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde





Certifica e asina o Sr. Secretario



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40005521D00D6I5Y0H5L2C9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 06/07/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 06/07/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 06/07/2020 09:00:18

DECRETO: 2020000935
Fecha: 06/07/2020
Hora: 09:00
Persona 76561868C

